


O poeta que baila

Un proxecto de innovación educativa
en dinamización da lingua galega



IES Marco do Camballón, Vila de Cruces

IES do Milladoiro, Ames



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

1 Introducción

Este é un proxecto impulsado polo Club da Lingua do IES de Vila de Cruces e o EDLG do IES do Milladoiro, coa finalidade de fomentar motivacións favorábeis cara á nosa lingua, así como un incremento do seu uso, e, ao mesmo tempo, coñecer a obra e a vida de Florencio Delgado Gurriarán, o autor homenaxeado no Día das Letras 2022, na busca de levar o noso idioma aos espazos culturais e temáticos novos para a infancia e a xuventude.

Florencio Delgado Gurriarán (Córgomo, Valdeorras, 1903-1987) é autor dunha obra literaria que nos axuda a descubrir unha forma especial de ver o mundo, de maneira crítica, lúdica e participativa. O poeta que baila quere ser unha chave para coñecermos mellor a súa poesía utilizando a porta do baile, da música e da festa, temas fundamentais na obra do autor valdeorrés. A través da obra deste autor, queremos impulsar un proxecto de dinamización da música, do baile e da poesía entre a xente nova. É dicir, colocamos o tema (a literatura) ao servizo da dinamización lingüística.

Mediante un proceso de participación, unha unidade didáctica realizada progresivamente de forma colectiva e diversas actividades de dinamización, imos descubrir a Florencio e a súa obra e aproveitar para coñecer e bailar a música e o baile tradicional e a música latina da música galega actual. Tamén queremos coñecer as relacións musicais de ida e volta entre Galiza e América, a través da emigración e o exilio, desde o século XIX até hoxe. Unha parte importante da investigación realízase en traballo colectivo co alumnado e está a ser compartida nas redes sociais co título O poeta que baila.

Vincular a nosa historia coa actualidade, nun diálogo coa cultura pop —e popular— da infancia e a xuventude a través das novas tendencias musicais (*reggaeton, trap...*) e das tendencias históricas galegas e latinas (*muiñeira, xota, cumbia, salsa etc.*) é o estímulo deste proxecto de innovación. Dalgún xeito, o noso obxectivo é unir a vida diaria do alumnado fora dos centros de ensino —afeccións, valores, hábitos— cos intereses dun proxecto educativo formal e informal como este, centrado na transmisión interxeracional da lingua, a cultura e a identidade galegas.

Máis alá do coñecemento da obra dun autor, queremos activar unha sensibilidade cara ao propio sentido lúdico e festivo da poesía. Por iso, entre as propostas deste proxecto ocupan un lugar fundamental accións e actividades prácticas, sociais, de dinamización do alumnado nos centros de ensino e, de forma colectiva, a través das redes sociais. Queremos unir a poesía e a festa a través do baile e a música, na procura de experiencias reflexivas e emocionais dentro e fóra das aulas.

O poeta que baila quere aproveitar a oportunidade de ligar poesía e festa, dous impulsos vitais neste ano en que o Día das Letras Galegas homenaxea un home crítico coa súa realidade social, activista do galeguismo, antifascista, defensor dos dereitos humanos, de vontade vitalista e que cría na capacidade do humor, a retranca, a música, o baile e a festa para mudar o mundo.

1.1 Contextualización. Análise da situación sociolingüística do centro

IES Marco do Camballón

A última análise sociolingüística do centro é deste curso. Unha enquisa deunos unha imaxe actual da nosa realidade, que relacionamos con tres máis, realizadas nos últimos anos. Desta última enquisa queremos destacar:

- A importancia do centro escolar como referente de galeguización.
- O descenso no uso do galego nos últimos 15 anos.
- O aumento porcentual da norma social de os galegofalantes falaren en castelán coas persoas castelanfalantes.
- Unha enerxía lixeiramente galeguizadora do instituto, contexto protector co galego. Constatamos que o instituto aumenta levemente o uso do galego como lingua habitual en comparación cos usos fóra do centro de ensino.
- A pouca presenza do galego nos espazos de ocio vinculados ás redes sociais e novas tecnoloxías.
- A pouca utilización de materiais e recursos en galego nas diferentes materias.

Desde un punto de vista cualitativo, a ex-lumna Lucía Fuerte elaborou un estudo no curso 2019-2020 que tamén nos orienta sobre a nosa comunidade escolar. Segundo esta análise:

- Os alumnos e as alumnas amósanse máis positivos que o profesorado en canto ao galego e din que é a lingua que senten como propia e como lingua nai.
- A maioría do alumnado aprendeu a falar, a escribir e a ler nas dúas linguas, tanto o galego como o castelán. Aínda así, as alumnas e os alumnos matizan que a primeira lingua na que aprenderon a falar foi o galego e só unha minoría —arredor do 8 %— afirma que o fixo en castelán.
- Salientan que a lingua de uso habitual é o galego no seu contorno familiar, social e escolar, aínda que á hora de tratar con persoas descoñecidas a metade emprega o galego e a outra metade, a lingua na que se dirixen a eles.
- En canto á comodidade que teñen respecto das linguas cooficiais ao falaren e escribiren, podemos dicir que a maior parte do alumnado deste curso se sente máis cómodo falando en galego.
- Na parte escrita as porcentaxes son máis aproximadas, aínda que segue destacando un pouco máis o galego.
- No tocante aos alumnos e ás alumnas deste curso, a un 42 % gustaríalles que se falase máis galego, fronte a un 58 % que din que prefiren que non se produza ningún cambio lingüístico, o que nos amosa que unha metade desta poboación é consciente de que noutras zonas xeográficas de Galiza o galego non se utiliza tanto como eles desexan e, polo tanto, que está nunha situación diglósica.

- Sobre cal era a razón do uso habitual da lingua galega nos galegofalantes, unha maioría esmagadora (96 %) din que é a súa lingua nai, a que senten como propia e da que se senten orgullosos, e un 4 % non responde a este ítem.
- No seu tempo de lecer dedícanse a escoitar música, falar con amizades, ver a televisión, ler textos académicos e libros, escribir notas, cartas etc. O resultado de en que lingua o fan é moi variado, pero poderíamos dicir que as lecturas practicamente realízanas en castelán e o idioma no que máis escriben é o galego, e esta tamén é a lingua na que escoitan habitualmente.
- Por outra banda, podemos ver que coñecen máis música en galego que programas de radio ou xornais, de modo que a prensa e as noticias seguen a lerse maioritariamente en castelán.
- Tamén coñecen algunhas series ou programas de televisión galegos; mais, aínda así, catro persoas responderon que non coñecen ningún programa de radio ou televisión nin grupos de música, o que nos leva a pensar que no seu contorno o tempo de lecer está totalmente monopolizado polo castelán.
- A inmensa maioría do profesorado cre que a lingua galega é un elemento central na identidade de Galiza e que está nunha situación de inferioridade respecto á lingua castelá. Destaca que as e os docentes se senten comprometidos coa lingua galega, aínda que cren que os demais compañeiros non o están moito. Tampouco concordan moito coa afirmación de que as perspectivas de futuro sexan boas para a lingua, nin coa de que a presenza da lingua galega dependa do que decida o centro, as familias ou o alumnado. Si podemos ver unanimidade en canto a que o profesorado potencia o uso do galego no alumnado e a que o ensino galego debe ter presenza maioritaria como lingua vehicular e rexeita así a presenza similar das dúas linguas no ensino obrigatorio.
- O profesorado está de acordo en dicir que o que se necesita para unha mellora da valoración da lingua galega é unha maior presenza o galego no ensino, maior oferta audiovisual e de Internet en galego, maior oferta da prensa escrita, maior oferta de actividades de lecer en galego, maior utilización pública do galego por parte de autoridades políticas e académicas así como unha maior utilización por parte de persoas coñecidas. Isto lévanos a pensar que se necesita unha presenza máis activa do galego en todas os ámbitos.

O IES Marco do Camballón é un instituto en contexto rural. O medio rural atópase nunha situación preocupante, cunha incesante perda de habitantes, de poder económico e social, e con consecuencias na creación cultural, nos procesos de comunicación e no desenvolvemento lingüístico. O modelo imperante que guía o desenvolvemento económico actual está a provocar o abandono das parroquias e a perda de habitantes dos núcleos rurais que, como o noso, están a ver que os centros de ensino perden ano tras ano alumnado.

Este modelo socioeconómico que prestixia e sinala como referente de desenvolvemento e éxito persoal as cidades está a desvalorizar un dos capitais económicos e socioculturais que desde sempre tivo e ten Galiza: o contorno rural. A importancia de valorizar os recursos do noso contorno —os seus valores sociais, económicos, culturais— fai que no noso centro educativo establezamos como prioridade a posta en valor da nosa lingua propia.

Nunha sociedade na que proliferan os prexuízos —raciais, culturais, lingüísticos—, temos como obxectivo educativo actuar como modelos de normalidade e normalización lingüística e procurar a identificación do galego non só con usos informais ou tradicionais, senón con todos os ámbitos que pode ter calquera lingua do mundo: novas tecnoloxías, mundo laboral, prestixio social, desenvolvemento cultural ou medio de relación social.

IES do Milladoiro

Poderíamos describir a situación sociolingüística do centro seguindo os datos tirados das enquisas sociolingüísticas realizadas para o PLC e mais dos resultados que nos achegou a Real Academia Galega (RAG) sobre o estudo que fixo neste IES para o Mapa sociolingüístico escolar de Ames:

Contamos cun 17,2 % de alumnado nacido fóra de Galicia, pero só un 4 % aprendeu a falar nunha lingua distinta do castelán.

Estamos observando un descenso moi pronunciado no uso do galego na xeración do noso alumnado. O galego, segundo tiñamos no Proxecto lingüístico de centro, constituía a lingua habitual na casa do 24 % do alumnado (con seguridade, a proporción será maior na comunicación entre os proxenitores), mais só é a lingua inicial do 19,3 % das mozas e mozos e a empregada polo 3,2 % destes nas relacións inter-pares. O sistema educativo segue sendo un axente profundamente castelanizador, non só debido á presión do grupo na socialización entre iguais, senón no ámbito global da formación: no instituto declara empregar de xeito normal o galego unicamente un 3 % do alumnado. No Mapa sociolingüístico escolar de Ames, publicado o ano pasado, destácase que no noso IES só hai un 2 % de alumnado galegofalante.

Consideramos tamén un dato relevante que un 54 % das persoas enquisadas perciba pouca presenza da lingua galega no centro (aulas, actividades, interaccións, recursos...), que sinala como escasa (22 %) ou moderada (32 %).

Así mesmo, obsérvase un predominio ben relevante do castelán (61,2 % só ou máis castelán) na escolla das lecturas, a pesar da oferta de obras en galego. No caso do acceso a recursos audiovisuais ou electrónicos, condicionado aínda máis polo mercado, a presenza do galego é especialmente exigua (só castelán supón un 57,2 %, só e máis castelán un 87,2 %).

Sabemos que o futuro da lingua vai ligado á xente máis nova. Daquela, con este contexto sociolingüístico consideramos fundamental achegarlle á rapazada un proxecto

no que ela sexa protagonista e que a leve a usar a lingua, sobre todo oral, nunha actividade do seu interese.

O poeta que baila é un proxecto educativo cooperativo que pretende aproveitar a oportunidade de ligar a poesía coa música para crear espazos de encontro a través do baile e da festa e deste xeito poder achegarnos cunha aprendizaxe significativa á figura de Florencio Delgado Gurriarán, un home crítico coa súa realidade social, activista do galeguismo, antifascista, defensor dos dereitos humanos, vitalista, con humor e retranca... É un achegamento do noso alumnado á súa obra a través da música e o baile, para tentar mudar o mundo cara a mellor. Pola combinación da poesía coa música e co baile, pola mestizaxe de culturas e pola temática da migración, é un proxecto axeitado para fomentar o uso da lingua galega entre o noso alumnado neofalante, en parte foráneo e migrante de países latinoamericanos.

1.2 Xustificación do proxecto

Un proxecto de dinamización lingüística e sociocultural

O poeta que baila é un proxecto que liga planificación sociolingüística con dinamización sociocultural, dentro da liña que o Club da Lingua vén desenvolvendo nos últimos anos cos proxectos A nosa música somos nós e o Proxecto somos. Alén disto, vincúlase coa metodoloxía do Proxecto Regueifesta, no que participamos. Este curso adaptamos ese *continuum* metodolóxico para "presentizar" –enraizar no presente social– a experiencia da comunidade escolar. É dicir, centramos as nosas enerxías en dialogar coa actualidade, sabendo que o noso é un proxecto que vén de atrás con perspectiva de longo prazo.

Un proxecto piloto entre centros de perfil lingüístico moi diferente

Queremos comezar a traballar nunha metodoloxía de relación entre dous institutos de perfil sociolingüístico diferente: Vila de Cruces, de contorno galegofalante e rural, e o Milladoiro, de ambiente castelanfalante e periurbano. Este proxecto quere ser un exercicio piloto para traballar actitudes, reflexións e prácticas lingüísticas baseadas no contacto entre alumnado. Neste sentido, queremos aproveitar a oportunidade de termos un activista e autor literario como Florencio –que este ano se vai traballar nas aulas e terá unha certa repercusión social–, para vincular a lingua galega cos espazos informais, persoais e de ocio do noso alumnado a partir da música, desde as pandeiretas –aproveitando o "efecto Tanxugueiras"– até os ritmos latinos.

Espírito festivo e relacións interpersoais en tempos de COVID

O noso alumnado está a vivir unha experiencia vital difícil. O déficit de relacións sociais ao longo destes máis de dous anos está a ocasionar un incremento de problemas de diverso tipo, desde os psicolóxicos aos académicos, entre outros. Por iso a escola debe traballar tamén en favor da saúde social do noso alumnado, proporcionando

experiencias educativas baseadas na importancia das relacións persoais, das vivencias emocionais, das experiencias extraescolares e do traballo en grupo. Este proxecto cre na educación psicoafectiva, na educación en valores creados en colectivo e na importancia de favorecer procesos de autoestima colectiva. Neste sentido, querémonos contaxiar do espírito festivo de Florencio Delgado para vivir a escola do curso 2021-2022 como unha escola aberta ao optimismo, á creatividade e á festa. É dicir, queremos potenciar os valores humanísticos das relacións sociais nun mundo individualista e baixo os efectos dunha pandemia.

Para a mudanza social

O obxectivo fundamental deste proxecto é provocar mudanzas en actitudes, coñecementos e usos da lingua. Innovamos porque procuramos novas vías de intervención, de transformación e de avance social nas nosas comunidades escolares. O noso motor é a experimentación, porque se facemos o que sempre fixemos teremos o que sempre tivemos e este proxecto pretende modificar a realidade de forma participativa e comunitaria.

2. Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas nos diferentes ámbitos de actuación

O proxecto persegue os seguintes obxectivos lingüísticos:

- O fomento do galego oral: Os dous centros participantes presentan alumnado moi diferente desde a perspectiva sociolingüística. Nas Cruces, alumnado na súa maioría galegofalante habitual; no Milladoiro, alumnado castelanfalante habitual. Neste sentido, traballarase adecuando os obxectivos de motivación, coñecemento e uso da lingua a cada contexto e fomentando un elemento clave: o intercambio entre un centro galegofalante e rural e un centro castelanfalante e periurbano.
- A vinculación da lingua coas novas tecnoloxías: A elaboración de material e socialización a través das TIC e as redes sociais. Para nós a dimensión audiovisual é fundamental.
- A promoción das relacións paleofalantes-neofalantes e rural-urbano: O IES do Milladoiro ten un alto índice de alumnado inmigrante. En Vila de Cruces, o alumnado inmigrante é minoritario. O proxecto ten como obxectivo vincular o alumnado inmigrante coa nosa lingua e a nosa cultura a través da música, especialmente na relación entre música e baile tradicional galego e música e bailes latinos. En segundo lugar, o obxectivo é a relación entre alumnado de perfil sociolingüístico diferente.
- Os vínculos con colectivos de normalización: Neste proxecto colaboramos con diferentes colectivos. O principal é o colectivo de grupos e asociacións musicais, do sistema musical galego actual, así como con membros de grupos históricos.

Por outro lado, colaboramos co colectivo Andar cos Tempos, de didáctica do baile tradicional. Tamén contaremos coa colaboración de asociacións locais para a participación no proceso técnico de gravación do videoclip.

- O galego como lingua internacional: Un estímulo deste proxecto é presentar a nosa lingua como unha ferramenta de comunicación internacional, a través da obra dun poeta con numerosos textos teóricos onde defende a dimensión internacional do galego. Tamén na mesma liña, traballaremos con textos e ritmos lusobrasileiros como o fado portugués e a samba do Brasil.

2.1 Obxectivos a curto prazo

- Estimular actitudes favorábeis cara á nosa lingua, fronte aos prexuízos que a limitan.
- Aumentar o coñecemento da música, a literatura e os ámbitos socioculturais en galego.
- Aumentar e mellorar a calidade dos usos lingüísticos en galego, en especial na oralidade, tanto de paleofalantes como de neofalantes. Motivar o alumnado non galegofalante a iniciarse no uso da lingua.
- Darlle a coñecer a música galega actual ao alumnado participante.
- Fomentar o coñecemento da historia musical de Galiza.
- Coñecer a dimensión creativa de Florencio Delgado Gurriarán como activista sociocultural, escritor e militante político.

2.2. Obxectivos a longo prazo

- Producir mudanzas nas actitudes, coñecemento e uso en favor da lingua galega do alumnado e resto da comunidade escolar.
- Vincular o traballo escolar coa realidade sociocultural galega en galego.
- Fomentar o activismo lingüístico na comunidade escolar.

3. Metodoloxía

Este proxecto forma parte dun proceso duradeiro, relacionado coa dinamización musical nos nosos centros de ensino de Vila de Cruces e do Milladoiro. Seguimos unha metodoloxía que procura a participación directa do alumnado, relacionada coa metodoloxía do Proxecto Regueifesta, no que os nosos centros de ensino participan: aprender gozando, espírito lúdico da aprendizaxe, con contidos de crítica social e para a transformación social. Tamén nos sentimos ligados ao proxecto Ao son da nosa

música, unha intervención directa sobre as motivacións e hábitos musicais da xente nova. Neste caso, O poeta que baila ten como obxectivo relacionar a mocidade coa obra dun poeta antifascista e activista da lingua galega contra a diglosia e o "acastramento" da lingua, a través de música contemporánea.

O noso obxectivo metodolóxico é impulsar a participación directa do alumnado, organizando grupos de traballo que desenvolvan actividades arredor do proxecto O poeta que fala.

Interéсанos crear relacións persoais directas entre o alumnado dos nosos centros de ensino e coñecer:

- a figura de Florencio Delgado Gurriarán, as persoas que o coñeceron e especialistas na súa obra.
- músicos e músicas actuais (Xabier Díaz, Los Jinetes del Trópico, Os Ferraias da ETEA, Grupo Alma Latina, Ortiga, Orquesta Panorama etc.)
- músicos da historia de Galiza: Sito Sedes, da Orquesta Los Satélites.
- profesorado colaborador do proxecto: Xurxo Souto (IES de Sarria), Alonso Caxade (Colexio de Ames), Alba María (IES de Guitiriz), Sara Marchena...
- profesorado de baile tradicional e bailes latinos.
- os valores da música e o baile, con especial atención aos valores de xénero, coa colaboración do proxecto de modernización do baile tradicional Andar cos tempos, fronte ao sexismo.
- os procesos de creación en galego de temas musicais, con preproducción, produción e posprodución, así como experiencias de gravación musical en estudio e de gravación dun videoclip.
- a participación directa do alumnado na iniciativa entre iguais: obradoiros de baile impartidos por alumnado para alumnado e profesorado, por exemplo.
- a utilización das redes sociais, para: investigar sobre os temas chave do proxecto; establecer contactos cos axentes participantes; visualizar o proxecto socialmente, e tecer rede arredor do impulso da festa como ámbito educativo.

A nosa metodoloxía parte da pedagogía da comunicación e ten raíces na psicoloxía emocional, na animación sociocultural, na pedagogía para a mudanza social e no traballo arredor de motivacións, actitudes e valores para o fomento da lingua galega.

4 Contidos do proxecto

4.1 Contidos sociolingüísticos

1 O activismo lingüístico

2 As interferencias lingüísticas

3 A substitución lingüística

4 A resistencia e creatividade lingüística comunitaria e individual

5 As relacións entre o galego e o portugués. O reintegracionismo

6 Florencio Delgado Gurriarán e a lingua

4.2 Contidos arredor de Florencio Delgado Gurriarán

1 Quen é Florencio Delgado Gurriarán?

2 Vida e obra de Florencio ligadas ao baile e a música

3 As relacións musicais entre Galiza e América

4 A música e o baile tradicional en Florencio. Xota e muiñeira

4.1 Un poema que cantamos con Xabier Díaz: "Pandeirada"

5. Outras músicas e bailes na obra de Florencio

5.1 As relacións musicais entre Galiza e América

5.2 As músicas e bailes latinos da obra de Florencio

5.3 Músicas e bailes latinos na Galiza do século XX e XXI: Los Satélites, Sonoro Maxín, Ortiga, Combo Dominicano, Son Latino...

5.4 O noso corrido mexicano: O corrido de Florencio. Un tema musical realizado polo alumnado do noso instituto

6 Bailamos?

6.1 Primeiros pasos de xota e muiñeira. Obradoiro de baile tradicional no instituto

6.2 Primeiros pasos de bailes latinos. Obradoiro de baile latino no instituto

7 A foliada: compartir emocións, enerxías e construír en colectivo

5 Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos

5.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo

- Desenvolvemento de obradoiros de baile tradicional e latino a cargo do propio alumnado.
- Participación do alumnado nun obradoiro de Andar cos tempos, proxecto de actualización do baile tradicional en relación co conflito de xénero, e nun obradoiro de bailes latinos.

- Coñecemento interdisciplinario dos temas tratados en diferentes materias (historia, música, filosofía, lingua e literatura, educación física, valores, regueifa, plástica etc.): emigración, literatura, antropoloxía...
- Creación de grupos musicais de alumnado para:
 - 1) crear unha canción con Xabier Díaz a partir dun poema de Florencio Delgado de base folk ou tradicional.
 - 2) crear un corrido mexicano coa biografía de Florencio Delgado.
 - 3) crear unha canción de ritmo latino co grupo Los Jinetes del Trópico a partir dun poema de Florencio Delgado de base latina ou crioula.
- Difusión radiofónica dun programa especial en colaboración co grupo de dinamización da radio do noso instituto, socializábel como *podcast*.
- Edición musical dos dous temas nun estudio de gravación.
- Organización dunha festa: A Foliada de Florencio.
- Presentación pública e socialización nas redes dos traballos realizados.

5.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo

Este proxecto forma parte da liña de actuacións que o Club da Lingua leva traballando nos últimos anos, que vinculan lingua e música pop e popular. Neste sentido, é un paso máis nun proceso que vén de atrás e que continúa; de aí que accións deste proxecto que comezan a funcionar —como o Club da Danza ou a difusión radiofónica— vaian ter continuidade.

6 Xestión e temporización

O proxecto comezou no curso 2021-2022 e desde setembro os dous institutos vimos traballando co alumnado na fase inicial de investigación e coñecemento sobre Florencio Delgado Gurriarán, por un lado, e sobre a música galega actual, por outro, en relación cunha dobre dimensión: de raíz galega e de raíz latina.

Actualmente —marzo— estamos a piques de comezar a fase de produción dos temas con Xabier Díaz e Los Jinetes del Trópico co grupo e alumnado e profesorado implicado.

Maio será o mes central, no que se relacionará o proxecto co Día das Letras Galegas. Porén, este culminará na fin do curso cunha festa de celebración do traballo realizado.

7 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

7.1 Profesorado participante

Coordinador: Xosé Luís González Sende (coordinador do EDLG, Regueifa e Improvisación Oral en Verso e Lingua Galega). Funcións de coordinación xeral.

Participantes do IES Marco do Camballón:

- Eladia Diéguez: Portugués e Lingua Galega e Literatura. Asesoramento literario e lingüístico. Funcións de produción na organización de diferentes actividades: excursións, obradoiros.
- Zeltia Laya: Valores e Filosofía. Funcións de traballo sobre valores éticos na normalización lingüística e dinamización da radio.
- Susana Porral: Xeografía e Historia. Funcións de dinamización de contidos históricos: exilio, relacións Galiza-América.
- Pilar Presas: Xeografía e Historia. Funcións de dinamización de contidos históricos: exilio, relacións Galiza-América.
- Eva Seda: Educación Física. Dinamización da expresión física. Obradoiros de danza tradicional. Preparación do baile colectivo "Muiñeira global" co alumnado.
- José Manuel García: Educación Plástica. Asesoramento da dimensión plástica do proxecto.
- Verónica Peña: Bioloxía. Asesoramento e apoio na dinamización musical do corrido mexicano e do obradoiro con Xabier Díaz.

Participantes do IES Milladoiro:

- Manuel Maseda Deán: Música e coordinador de convivencia.
- Valentina Formoso Gosende: Lingua Galega e coordinadora do EDLG.
- María Calviño Rodríguez. Profesora de Inglés.

7.2 Alumnado participante

O poeta que baila ten como obxectivo implicar o maior número de persoas da comunidade escolar, especialmente o alumnado. No IES Marco do Camballón, o alumnado organízase en grupos de traballo do Club da Lingua, de diferentes cursos. Este alumnado forma parte de grupos de activistas do centro:

1 Club de baile, que se reúne os luns no recreo.

2 Charanga do Camballón, que se reúne os venres.

3 Club de regueifa, que se reúne os mércores.

4 Grupo do corrido mexicano.

5. Grupo do obradoiro con Xabier Díaz para elaborar un tema musical.

Estes grupos reúnen arredor de 30 alumnas e alumnos implicados, como activistas directos.

Alén desta primeira liña de activistas, todo o alumnado da ESO está a traballar no proxecto a través da acción docente do profesorado implicado nas diferentes materias desde a que se traballa a iniciativa.

A maiores, o traballo de investigación, elaboración de textos e planificación de accións está a traballarse co alumnado de 3º e 4º da ESO en diferentes materias. Tamén hai intervención directa co alumnado de 1º e 2º da ESO.

Ademais, o proxecto alcanzará nalgunha das fases (como a festa final, a Foliada de Florencio) o alumnado e profesorado de bacharelato, do Ciclo de Soldadura e do Ciclo de Atención a Persoas en Situación de Dependencia, así como as familias e resto da comunidade escolar.

7.3 Outros membros da comunidade educativa

Alén do profesorado implicado, este proxecto repercute no resto do persoal docente, que apoiou o proxecto no claustro. É importante sinalar que o grupo de profesorado de Dinamización da Biblioteca dedícalle este ano o seu proxecto ao patrimonio cultural, tema que se relaciona coa dimensión musical galega de O poeta que baila, así que os obxectivos conflúen.

Por outro lado, contamos coa colaboración do persoal non docente, especialmente de Alberto Sánchez, conserxe e membro do Club da Lingua.

Ademais, entendemos que a Foliada de Florencio debe ser unha celebración ou "fin de festa", aberta a toda a comunidade escolar e, máis alá desta, a todo o concello.

Finalmente, este é un proxecto con perspectiva nacional e quere mostrarse como un modelo de dinamización para o resto do país, ben a través das redes sociais, ben a través dos medios de comunicación.

8. Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto

O poeta que baila desenvólvese con poucos recursos. Non podemos depender do premio de innovación para transformalo en realidade, aínda que este optimizaríao. Nese sentido, os recursos materiais son escasos, máis alá de carteis ou fotocopias.

Se queremos desenvolver o proxecto na súa integridade si que precisaremos investimentos económicos como o alugueiro do estudio de gravación dos dous temas musicais con Xabier Díaz e Los Jinetes del Trópico ou os obradoiros de baile, e outros gastos que explicamos máis abaixo.

9. Orzamento. Xustificación e desagregación

Desagregación dos gastos:

IES Marco do Camballón: 1.450 €

Obradoiro "Andar cos tempos": 150 €

Elaboración dun videoclip musical: 250 €

Obradoiro Xabier Díaz: 350 €

Autobuses á Foliada de Florencio: 200 €

Gravación do tema-alugueiro da sala de gravación: 400 €

IES Milladoiro: 1.450 €

Obradoiro "Andar cos tempos": 150 €

Elaboración dun videoclip musical: 250 €

Obradoiro Los Jinetes del Trópico: 350 €

Autobús á Foliada de Florencio: 200 €

Gravación do tema-alugueiro da sala de gravación: 400 €

Orzamento total para o proxecto: 2.900 €

10. Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas

O poeta que baila apóiase noutros axentes sociais. É importante a rede de comunicación social coa que vimos colaborando habitualmente (medios en galego: *Praza Pública, Nós Diario, Galicia Confidencial...*; outros medios: *Faro de Vigo, La Voz de Galicia...*).

Tamén colaboraremos co colectivo Andar cos Tempos, creador dun proxecto de baile tradicional, e con algún colectivo de baile latino que aínda non podemos confirmar.

Ademais, un colaborador estreito e fundamental é Ricardo Gurriarán, sobriño de Florencio Delgado Gurriarán, que está a asesorarnos, fornecer de documentación inédita e orientar sobre O poeta que baila.

A Foliada de Florencio aínda está en fase de preproducción e é posíbel que nos dirixamos a dúas empresas locais —unha en Vila de Cruces e outra en Ames— para que se impliquen co proxecto.

11. Medidas de difusión do proxecto

A nosa principal forma de difusión é horizontal: as redes sociais dos EDLG, do alumnado e do profesorado implicado. Este proxecto quere formar parte do movemento comunicativo en galego e terá presenza en TikTok, Instagram, Facebook, Twitter, Youtube e outras redes sociais.

Ademais, como explicamos arriba, contamos co apoio especial das edicións locais dos xornais das nosas comarcas –Deza e Compostela– e da rede de medios en galego cos que colaboramos habitualmente.

Neste sentido, confiamos en que a principal forza do proxecto sexa unha enerxía adolescente, coa difusión dos dous temas elaborados entre o noso alumnado e os artistas participantes no proxecto.

Ter a sorte de que un artista consagrado como Xabier Díaz e un grupo emerxente como Los Jinetes de Trópico participen é unha garantía de calidade e de impacto social.

11.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos

A fase de socialización do proxecto vai ser elaborada por dous grupos de comunicación de alumnado e profesorado, nos dous institutos implicados. O seu traballo será trazar unha estratexia para difundir o traballo realizado baixo o nome O poeta que baila, con imaxe propia.

Youtube: será a plataforma principal para o proxecto para difundir os dous vídeos realizados.

TikTok, Instagram, Twitter e Facebook serán as redes para visualizar os temas musicais.

12. Plan de avaliación

12.1 Criterios e indicadores para a avaliación

A avaliación realizarase co propio alumnado na fin do curso, unha vez rematado o proceso, en dúas reunións nos dous centros de ensino. Nesa reunión valorarase o proxecto e estudarase a continuación da relación entre os dous centros participantes.

Alén das reunións, o proxecto dotarase dun test de avaliación entre os participantes para obter avaliacións individualizadas, con valoracións críticas e propostas de mellora.

Ademais, teremos en conta a repercusión do proxecto nas propias familias e na comunidade escolar, na valoración da presenza nos medios de comunicación e no impacto nas redes sociais.

Teremos en conta, por outra parte, as valoracións das vivencias emocionais do alumnado e profesorado participante.

12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

No momento da avaliación consideraremos até que punto cumprimos os obxectivos máis arriba sinalados. En todo caso, é importante saber que o resultado vai depender da enerxía que resulte da participación directa do alumnado. Organizar un proxecto como este debería achegar unha implicación vivencial coa lingua que, esperemos, ligue o noso alumnado a un uso máis vivo, aberto e creativo da lingua galega.

13. Outros elementos para a avaliación do proxecto

O noso proxecto ten como prioridade a **atención á diversidade** pois céntrase na diversidade das identidades do noso alumnado, chegado en movemento migratorio de ducias de territorios. Neste sentido, a música é un dos maiores símbolos de diversidade cultural e este proxecto quere incluír, sumar, conectar as identidades dos nosos alumnos e alumnas coa realidade galega actual: diversa, plural, rica. Partindo da raíz da tradición (xota ou muiñeira) chegamos ao *trap*, ao *autotune*, ao *reggaeton* ou á reflexión de que o enxebre podería triunfar en Eurovisión.

Neste sentido, o noso proxecto supón unha reflexión xeral sobre **os prexuízos, os estereotipos** e, en xeral, sobre a propia valoración da nosa lingua, a través de accións reais e actividades significativas, afectivas e emocionais.

En relación co **Plan xeral de normalización lingüística**, e seguindo orientacións de proxectos como Ao son da nosa música –que acaba de visualizar a través dunha enquisa a desconexión entre a mocidade e a música galega, ou de institucións como o Consello da Cultura Galega, que urxe á activación de políticas lingüísticas para a xuventude, o proxecto O poeta que baila ten como obxectivo, alén da educación formal, **achegarlles a música en galego aos espazos de ocio e tempo libre do noso alumnado**. É un proxecto que responde a unha necesidade vital para a nosa lingua.

É un **proxecto innovador**: a festa como construción de comunidade a través da música e o baile, con contidos para a mudanza social e sociolingüística. Reunir o tradicional e as novas tendencias é o seu obxectivo. A tradición tamén é vangarda.

O poeta que baila é un **proxecto aberto á comunidade educativa**: o desenvolvemento do proxecto supón unha dinamización musical do centro, a través de actividades que alcanzan profesorado, familias, alumnado, persoal traballador do centro, comunidade local e, alén diso, serve como modelo metodolóxico para outros axentes de normalización lingüística do país.

O profesorado implicado no proxecto posúe destrezas na dinamización virtual a través das novas tecnoloxías e unha situación excepcional de **restricións a causa da pandemia** tería unha resposta a través das tecnoloxías a distancia. Malia que concordamos en parte con quen di que "bailar pegados non é bailar", neste caso os medios audiovisuais permitirían adaptar o proxecto a unha situación de restricións. As redes sociais dos EDLG do Milladoiro e do Club da Lingua de Vila de Cruces son vehículos de comunicación eficaces e útiles para nos adaptarmos.

